ASUNTO:	**Reunión cos representantes sindicais do CES Galicia para tratar a modificación da RPT**
Data	01/04/2025

Asistentes:

- Luís Manuel Villaverde Gómez (CIG)
- Cristina Terrón Pérez (CIG)
- Manuel Martínez Varela (secretario xeral do CES)

Na data de hoxe cando son as 13.00, na sala de videoconferencias do CES Galicia sito na rúa da Algalia de abaixo nº 24 en Santiago de Compostela reúnense os enriba indicados co obxecto de que sexa negociada a modificación da RPT do CES Galicia con relación a dous postos do gabinete técnico.

A reunión lévase a cabo coa seguinte orde do día:

1.- Modificación da RPT do CES Galicia no tocante a dous postos do gabinete técnico.

2.- Rogos e preguntas.

Primeiro.- Modificación da RPT do CES Galicia no tocante a dous postos do gabinete técnico.

Por parte do secretario xeral, exponse que no CES Galicia hai que modificar a RPT aprobada no Pleno 1/18 con relación aos dous traballadores que participan no proceso de cambio de vínculo xurídico, convocado pola Resolución de 15 de decembro de 2023 (DOG nº 243, de 26 de decembro). Os postos de traballo deste persoal figuran como persoal laboral e para poder seguir co proceso de funcionarización deben mudarse

na RPT e pasalos a postos funcionariais (cos termos retributivos fixados pola subdirección xeral de custes), o resto queda tal e como se aprobou na sesión do Pleno 1/18. A modificación incorpórase como anexo a esta acta.

Por parte da representación sindical, sinalan que a CIG en ningún momento está en contra dos traballadores aos que afecta esta modificación, nin de que promocionen posto que é un dereito que teñen, pero sí están en contra do feito de que os postos de gabinete técnico se abran a persoal propio da Xunta de Galicia porque iso atenta contra a autonomía da institución, e mais tendo en conta que se trata dun organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño. Polo tanto, opóñense a reciprocidade e que os postos queden abertos a persoal doutras administracións e entes.

Segundo.- Rogos e preguntas

Non se presentan.

Sen outro particular, ponse fin á reunión ás 13:45 horas.

En Santiago de Compostela, a 01/04/2025

O secretario xeral	O representante sindical	A representante sindical
Asdo.: Manuel Martínez Varela	Asdo.: Luis M. Villaverde Gómez	Asdo.: Cristina Terrón Pérez